

– Para o devandito traslado, as interesadas deberán presentar escrito de solicitude dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, indicando a localidade ou localidades da súa preferencia, así como a especialidade ou especialidades solicitadas.

Á solicitude xuntarase, como documentación acreditativa da situación de violencia de xénero, copia da orde de protección a favor da vítima. Excepcionalmente, será título de acreditación desta situación o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero ata que se dite a orde de protección.

Trixésimo cuarta. Toma de posesión

A toma de posesión dos novos destinos terá efectividade administrativa do 1 de setembro de 2020. Non obstante, o profesorado que obteña destino nestes concursos deberá permanecer no seu centro de orixe ata que conclúan as actividades imprescindibles previstas para a finalización do curso.

Trixésimo quinta. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

ANEXO I

Código localidade	Localidade	Concello	Código centro	Centro
150300001	A Coruña	A Coruña	15990026	Inspección da Coruña
150360001	Ferrol	Ferrol	15990027	Inspección de Ferrol
150780001	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	15990028	Inspección de Santiago de Compostela
270282701	Lugo	Lugo	27990031	Inspección de Lugo
320541201	Ourense	Ourense	32990034	Inspección de Ourense
360381301	Pontevedra	Pontevedra	36990037	Inspección de Pontevedra
360573101	Vigo	Vigo	36990038	Inspección de Vigo

